

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Abril 2006 COMUNICADO

Forte crecemento dos prezos dos bens intermedios tanto nas importacións como nas exportacións en abril de 2006.

O índice de prezos das exportacións creceu un 8,9% en abril de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 8,9% en abril de 2006 con respecto a abril de 2005. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acada igualmente un crecemento do 8,9%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 0,4%; os bens de equipo un 6,0%, e os bens intermedios un 17,3%.

O índice de prezos das importacións creceu un 9,2% en abril de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 9,2% en abril de 2006 con respecto a abril de 2005. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións tamén creceron un 9,2%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron só un 1,1% e os bens intermedios un 14,9%; pola contra os bens de equipo decreceron un -2,9%.


Índices de valor unitario. Abril 2006. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	102,3	8,9%	5,2%
Importacións/introduccións	107,2	9,2%	11,0%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Exportacións/expedicións	102,4	8,9%	5,3%
Importacións/introduccións	107,0	9,2%	10,9%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>